

ACTA NÚMERO: 09/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 10 DE MARZO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 10 de marzo de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Dona Alma Pérez Aguiño, Administrativa do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Depo en marcha 2022. (Expte.- 2021050862).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa que concorre no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para contratación da Actualización do software de xestión actual do parque de equipos de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2021051049).*
3. *Apertura electrónica dos sobre "A", correspondente a documentación administrativa e correspondente aos xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de "Redacción do proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaíor" (Expte.- 2021047530)*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración da manutención destinada á alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte.- 2022004049)*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliados automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración da manutención destinada á alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte.- 2022004049)*
6. *Apertura sobre "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios automáticos, no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Renovación das licenzas "FileNet ®" para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso (Expte.- 2021064558)*
7. *Apertura electrónica dos sobres A do concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro (Expte.- 2022001061)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP e D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Depo en marcha 2022. (Expte.- 2021050862).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 11 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Depo en Marcha 2022.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24/02/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 3 de marzo de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- FOROX INNOVACION SLU (CIF B-36.136.473-T).
- CAMPA FORMACION E INTERVENCION SOCIOEDUCATIVA SL (CIF B-15.666.944).
- XESTIÓN CULTURAL AUREA SL.(CIF B-36.394.203).

A Mesa de Contratación na reunión do día 3 de marzo de 2022 tamén procedeu a descrición e descarga da documentación dos sobres B, correspondente ós criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo sendo os valores ofertados os seguintes:

Empresa: Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203)

1.-Prezo ofertado (por obradoiro).

Prezo ofertado por obradoiro(sen iva):927,63 €
IVE (..... %): 194,80 €
Prezo ofertado por obradoiro (IVE incluído)1.122,43 €

2.- Compromiso de aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria, naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade.



	SI	NON
A empresa comprométese a aportación dunha persoa docente de apoio ao titular naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade	X	<input type="checkbox"/>

3.-Oferta de saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”

	SI	NON
A empresa oferta unha saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”	X	<input type="checkbox"/>

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

	SI	NON
A empresa, respecto ao papel utilizado no material didáctico dispón dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.	X	<input type="checkbox"/>

Empresa : Forox Innovación SLU (CIF B-36.136.473-T)

1.-Prezo ofertado por obradoiro

Prezo ofertado por obradoiro(sen iva):1.083,00 €
IVE (21%): 227,43 €
Prezo ofertado por obradoiro (IVE incluído)1.310,43 €



2.- Compromiso de aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria, naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade.

	SI	NON
A empresa comprométese a aportación dunha persoa docente de apoio ao titular naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade	X	<input type="checkbox"/>

3.-Oferta de saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”

	SI	NON
A empresa oferta unha saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”	X	<input type="checkbox"/>

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

	SI	NON
A empresa, respecto ao papel utilizado no material didáctico dispón dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.	X	<input type="checkbox"/>

Empresa: Campa Formación e intervención socioeducativa SL (CIF B-15.666.944)



1.- Prezo ofertado (por obradoiro).

Prezo ofertado por obradoiro(sen iva):1.093,95. €

IVE (..... %): 229,73 €

Prezo ofertado por obradoiro (IVE incluído)1.323,68 €

2.- Compromiso de aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria, naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade.

	SI	NON
A empresa comprométese a aportación dunha persoa docente de apoio ao titular naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade	X	<input type="checkbox"/>

3.-Oferta de saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”

	SI	NON
A empresa oferta unha saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”	X	<input type="checkbox"/>

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

	SI	NON
A empresa, respecto ao papel utilizado no material didáctico dispón dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro	X	<input type="checkbox"/>



de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.		
--	--	--

Unha vez efectuadas as valoracións de acordo cos criterios establecidos no Prego de cláusulas administrativas as puntuacións obtidas son as seguintes:

Empresas	Puntuación criterios automáticos (Max 100 puntos)				Puntuación Total
	Prezo (Máx 49 ptos)	Aportación docente apoio (Max 20 ptos)	Oferta saída temática (Máx 11 ptos)	Papel con etiquetaxe ecolóxica (Máx 20 ptos)	
Xestión cultural Aurea SL	49,00	20,00	11,00	20,00	100,00
Forox Innovación SLU	20,71	20,00	11,00	20,00	71,71
Campa Formación e intervención socioeducativa SL	18,54	20,00	11,00	20,00	69,54

A Mesa de Contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPO EN MARCHA 2022 que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación Total
1ª	Xestión cultural Aurea SL	100,00
2ª	Forox Innovación SLU	71,71
3ª	Campa Formación e intervención socioeducativa SL	69,54

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Depo en marcha 2022 a empresa Xestión Cultural Aurea SL.

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa que concorre no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para contratación da Actualización do software de xestión actual do parque de equipos de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra (Expte.-2021051049).



O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2022000465 de data 25 de xaneiro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado da *“Actualización e mantemento do software de xestión actual do parque de equipos de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra”*.

O 26 de xaneiro de 2022 publicase o contrato a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Rematado o prazo de licitación, presenta oferta para tomar parte no referido procedemento dentro do prazo establecido a empresa, CANON ESPAÑA, S.A.U. (A-28122125), que oferta un prezo de 42.583,17 €, sen IVE.

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa CANON ESPAÑA, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento aberto simplificado abreviado convocado para contratación da actualización do software de xestión actual do parque de equipos de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra.

3. *Apertura electrónica dos sobre "A", correspondente a documentación administrativa e correspondente aos xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de "Redacción do proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior" (Expte.- 2021047530).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2022000682 de data 1 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da *“Redacción do proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”*. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de febreiro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante xuízos de valor presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e a documentación técnica, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
 - Intervento SL (C.I.F.- B80690910)
 - Antonio García Álvarez (D.N.I.- 36157841R)

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas aos técnicos do Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

- 4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración da manutención destinada á alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte.- 2022004049).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 18 de febreiro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, trámite de urxencia, da *subministración da manutención destinada á alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte.- 2022004049)*.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Suplemento ó Diario Oficial da Unión Europea con data 18 de febreiro de 2022, aparecendo publicado o día 23 de febreiro de 2022 (Anuncio 2022/S 038-097513). Así mesmo publicouse anuncio no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do



Sector Público) con data 21 de febreiro de 2022 e tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, trámite de urxencia, convocado para a contratación da subministración da manutención destinada á alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte.- 2022004049) por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliados automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración da manutención destinada á alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte.- 2022004049).

O Presidente da Mesa de Contratación decide retirar este asunto da orde ao comprobar, que dentro do prazo concedido ó efecto, non se presentou ningunha oferta por parte de posibles empresas interesadas na adxudicación deste contrato.

6. Apertura sobre "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios automáticos, no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da Renovación das licenzas "FileNet ®" para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso (Expte.- 2021064558).



O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2022001158 de data 15 de febreiro de 2022 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da *“Renovación das licenzas “FileNet ®” para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso”*. (Expte 2021064558). O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de febreiro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da *“Renovación das licenzas “FileNet ®” para a Deputación de Pontevedra, mediante pago por uso”* por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

7. Apertura electrónica dos sobres A do concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro (Expte.- 2022001061)

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra adoptado na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 2022, aprobouse o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.



O anuncio de licitación deste concurso público publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 22 de data 2 de febreiro de 2022 e tamén se publicou no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de febreiro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e os anexos deste concurso público.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas comprobouse que na plataforma de licitación electrónica Vortal non figura presentada ningunha oferta para o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso o Pleno, declarar deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro, debido a que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación deste concurso público.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

